



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

### **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CAFETARÍA DA CIDADE DEPORTIVA DE “VISTA ALEGRE”, DE TITULARIDADE MUNICIPAL.**

#### **1. Obxecto do contrato.**

O obxecto do contrato é a explotación do servizo de bar-cafetaría, de titularidade municipal, sito na cidade deportiva de “Vista Alegre”, no núcleo urbano deste termo municipal. Aos efectos do presente prego entenderase que a explotación, obxecto do contrato que se celebre, comprende todas as funcións propias da xestión e rexencia dun local das características naturais e propias dunha cafetaría.

A clasificación nacional de produtos por actividades que corresponde á presente contratación é 563010 (CPA-2008).

Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato: a administración carece dos medios persoais e técnicos para a prestación do servizo de cafetaría, considerándose necesaria a súa contratación ao seren un servizo amplamente demandado polos asistentes ao Complexo deportivo, moi utilizado pola veciñanza, e non existir nas inmediacións o citado servizo.

#### **2. Natureza xurídica do contrato.**

De conformidade co disposto no artigo 19.1, letra “b”, do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), o presente contrato ten a consideración de Contrato Administrativo Especial, por non tratarse dun contrato administrativo típico dos descritos no parágrafo “a” do artigo citado, e resultar vinculado ao xiro ou tráfico específico desta Administración e satisfacer unha finalidade pública da específica competencia desta.

A clasificación como contrato administrativo especial despréndese tamén do criterio mantido pola “Junta Consultiva de Contratación Administrativa” (Informe 24/05, de 29 de xuño, e 67/1999, de 06/07/2000, entre outros).

O contrato resultante do presente procedemento rexerase polo presente prego de cláusulas administrativas particulares, polo prego de prescricións técnicas, polo TRLCSP, e o Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións Públicas (en adiante RXLC) en todo o que non se opoña ao TRLCSP e permaneza vixente trala entrada en vigor do Real decreto 817/2009; de xeito supletorio aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En todo caso, será de aplicación respecto do prego de cláusulas administrativas particulares e do prego de prescricións técnicas o establecido no artigo 68.3 do RXLC.

Os licitadores e o contratista aceptan de forma expresa a súa submisión á lexislación anteriormente citada, ao prego de prescricións técnicas particulares e ao presente prego de cláusulas administrativas particulares que terán carácter contractual e serán, xa que logo, de obrigado cumprimento.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo ou das instrucións, normas ou pregos de toda índole que poidan ter aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista da obrigaón do seu cumprimento.

En concreto, terán o carácter de documentos contractuais, pola orde de prelación en que se indican, os seguintes:

- O presente prego de cláusulas administrativas xunto coas follas resume.
- O prego de prescricións técnicas particulares.
- A oferta do adxudicatario.
- O documento no que se formalice o contrato e, de ser o caso, os acordos subscritos entre o Concello e o contratista como consecuencia da execución das previsións contidas no contrato, incluídos os seus anexos e apéndice. Así como calquera outro documento polo que se modifiquen, complementen ou desenvolvan, acordado con suxeición ao disposto nos presentes pregos e no contrato e debidamente aprobado polo órgano de contratación.

### 3. Órgano de contratación.

O órgano de contratación competente para a celebración do presente contrato é a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía-presidencia (Decreto de data 07/07/2015 ).

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato administrativo e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que dite a este respecto serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

2

### 4. Perfil do contratante.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co perfil do contratante ao que terase acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web <http://ordes.gal/>.

### 5. Canon do contrato.

O adxudicatario deberá aboar ao Concello un canon mensual mínimo por importe de 250,00 €, IVE excluído, ascendendo o IVE a 52,50 €, polo que o canon mínimo anual a satisfacer ascenderá á contía de 3.000,00 € máis 630,00 € de IVE. As ofertas económicas efectuaranse á alza partindo da dita contía.

O importe da primeira mensuralidade deberá ser aboado nos cinco primeiros días a partires do inicio da explotación do servizo e, sucesivamente, con periodicidade mensual, nos cinco primeiros días de cada mes.

O dito canon permanecerá invariable durante o período de duración do contrato.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

### 6. Duración do contrato.

O prazo de duración do contrato será de catro anos contados a partires da data de inicio da actividade, podendo prorrogarse, por períodos anuais, ate un prazo máximo de seis anos. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, debendo ser comunicada pola Administración ao adxudicatario cunha antelación mínima de tres meses ao vencemento do contrato ou dalgunha das súas prórrogas.

O contrato non poderá interromperse nin sequera polo cumprimento do termo, sendo obrigatoria para o adxudicatario a continuidade nas mesmas condicións ate a súa substitución polo Concello de Ordes.

O Concello de Ordes outorgará ao adxudicatario a licenza de actividade no momento da sinatura do contrato, polo que será esta a data a partires da cal comezará a duración do mesmo.

### 7. Financiamento do contrato.

O obxecto da presente contratación non suporá, en caso algún, gasto para o Concello de Ordes, o cal non subvencionará en caso ningún o servizo.

A retribución do adxudicatario consistirá no produto dos prezos a aboar polos usuarios, debidamente aprobados polo Concello, para o cal o concesionario presentará anualmente unha proposta motivada de prezos ou modificacións puntuais dos mesmos se a suba de prezos (xustificada) así o demandara. Os prezos serán aprobados polo órgano de contratación.

En calquera caso, e salvo modificacións puntuais debidamente motivadas polo adxudicatario, o incremento nos prezos non poderá ser superior ao IPC do Grupo de Hoteis, cafés e restaurantes correspondentes á variación interanual correspondente a decembro do exercicio anterior.

### 8. Garantías.

O adxudicatario do contrato, co fin de garantir o cumprimento das obrigas contraídas, estará obrigado a constituír unha garantía definitiva por importe equivalente ao 5% do importe de adjudicación, entendendo por este o resultado de multiplicar o canon anual ofertado (IVE excluído) pola duración do contrato.

O prazo para a constituición da citada garantía será de quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel no que apareza publicada a adjudicación provisoria no perfil do contratante, podendo constituírse por calquera dos medios establecidos no artigo 96 do TRLCSP.

A garantía non será devolta ou cancelada ate que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato. Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do TRLCSP.

### 9. Procedemento e forma de adjudicación.

A adjudicación do presente contrato realizarase por procedemento aberto e tramitación ordinaria, no que todo interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co disposto no artigo 157 do TRLCSP.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A elección deste procedemento xustifícase en que, dos procedementos ordinarios de contratación que sinala o TRLCSP (aberto e restrinxido), é o que semella máis axeitado ao non requirir a execución do contrato unhas condicións especiais de solvencia e garante unha maior competencia efectiva.

### **10. Capacidade para contratar.**

Poderán tomar parte neste procedemento as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Poderán concorrer a esta contratación as persoas, naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que, tendo plena capacidade xurídica e de obrar, non estean comprendidas en ningunha das circunstancias previstas no artigo 60 do TRLCSP, extremo que deberá ser acreditado por calquera dos medios establecidos no artigo 61 do referido texto legal, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional..

No suposto de persoas xurídicas dominantes dun grupo de sociedades, poderase ter en conta ás sociedades pertencentes ao grupo, a efectos de acreditación da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, ou da correspondente clasificación, de ser o caso, da persoa xurídica dominante, sempre e cando esta acredite que ten efectivamente á súa disposición os medios das ditas sociedades necesarios para a execución dos contratos.

A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoa xurídica, das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea e dos demais empresarios estranxeiros, acreditarase conforme establece os artigos 53 e seguintes do TRLCSP e o artigo 9 e seguintes do RXLCAP.

4

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituían temporalmente ao efecto, de conformidade co disposto no artigo 59 do TRLCSP.

As empresas adjudicatarias deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e se acredite debidamente e dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato. Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para realizar a actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato.

### **11. Solvencia.**

De conformidade co disposto no artigo 11, apartado 5º, do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeneral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, os licitadores ou candidatos estarán exentos dos requisitos de acreditación da solvencia económica e financeira e de acreditación da solvencia técnica e profesional.

### **12. Presentación de proposicións e documentación administrativa.**

#### **12.1. Lugar e prazo de presentación.**

As proposicións presentaranse no Rexistro xeral do Concello de Ordes, sito na rúa Alfonso Senra, nº 108 (15680 Ordes-A Coruña), en horario de 09:00 a 14:00 horas (luns a venres), ou



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

por calquera dos outros medios sinalados no artigo 38.4 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Cando a documentación sexa enviada por calquera outro medio que non sexa a entrega directa no rexistro xeral do Concello o empresario deberá xustificar a data de entrega e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax (981682221) ou telegrama no mesmo día da súa imposición. Sen a concorrencia de ambos requisitos a dita documentación non será admitida se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado. Transcorridos, en todo caso, dez días desde a indicada data de terminación do prazo sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en caso ningún.

Non se admitirá a presentación de proposicións por correo electrónico.

O prazo de presentación das proposicións será de quince días naturais contados a partires do seguinte ao da última publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) ou no Diario Oficial de Galicia (DOG). No caso de que o último día fose inhábil, entenderase como de remate do prazo o seguinte día hábil.

### 12.2. Formalidades.

Os licitadores presentarán a súas proposicións mediante a entrega de tres sobres pechados, en cuxo interior farase constar en folia independente o seu contido e o nome do licitador. En cada sobre deberá constar o seu contido (Sobre **A**: Documentación administrativa; Sobre **B**: Referencias técnicas; Sobre **C**: proposición económica), os datos de identificación do licitador (domicilio, teléfono e número de fax, aos efectos de futuras notificacións), así como o lema: “PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CAFETARÍA DA CIDADE DEPORTIVA DE “VISTA ALEGRE”.

5

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente prego.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á normativa vixente.

### 12.3. Documentación

#### 12.3.1. Sobre “A”. Documentación administrativa.

Os documentos incluídos neste sobre poderán achegarse en orixinal ou mediante copias que teñan carácter de auténticas ou autenticadas conforme á lexislación vixente.

Nas unións temporais, tanto de persoas físicas como xurídicas, cada unha dos seus compoñentes presentará a documentación esixida nesta cláusula, acreditando a súa capacidade, personalidade, representación e solvencia nos termos previstos no artigo 59 do TRLCSP.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

De conformidade co establecido no artigo 146.4 do TRLCSP, na súa redacción dada por Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, no dito sobre incluírase unha declaración responsable do licitador segundo o modelo seguinte:

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con residencia \_\_\_\_\_  
provincia de \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, con NIF/Pasaporte/Documento que o substitúa nº \_\_\_\_\_, en  
nome propio/en representación de \_\_\_\_\_, con CIF  
\_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_ provincia de  
\_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_ teléfono  
\_\_\_\_\_ á que represento no procedemento de adxudicación do contrato de  
PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETARÍA DA CIDADE DEPORTIVA DE “VISTA  
ALEGRE”.

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

1. Que cumpre coas condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.
2. Que conta coa habilitación empresarial exigible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.
3. Que reúne os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional prevista no prego de cláusulas administrativas para concorrer á licitación.
4. Que coñece os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen a licitación, os cales acepta na súa integridade.
5. Non ser adxudicataria ou participar na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato, por si ou mediante unión temporal de empresarias e/ou empresarios.
6. Que autorizo a que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen por unha calquera das formas seguintes:

Fax: \_\_\_\_\_ .

Enderezo electrónico: \_\_\_\_\_ .

(Lugar, data e sinatura do proponente)

En caso ningún presentaranse neste sobre documentos ou datos relativos aos criterios avaliábeis automaticamente. A súa inclusión dará lugar á exclusión da oferta.

A presentación de proposicións presume por parte da persoa licitadora a aceptación non condicionada das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co Concello de Ordes.

### 12.3.2. Sobre “B”. Referencias técnicas.

Os licitadores incluírán neste sobre os documentos relativos aos criterios de valoración, distintos do prezo, que servirán de base para a adxudicación da explotación. En concreto achegárase:

- Un plan de explotación do servizo que recolla todos os aspectos relativos á explotación e xestión desta actividade, así como un detalle da oferta que se vai realizar aos usuarios, especialmente unha relación de horarios, produtos e prezos.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

- Relación de maquinaria, equipos e mobiliario que achegará, así como do persoal a empregar.
- Orzamento detallado das instalacións que realizará.
- Xustificación, de ser o caso, de que a empresa conta nos eu cadro de persoal cun número de traballadores discapacitados non inferior ao 2%.
- Relación de documentos incluídos no sobre.

#### 12.3.3. Sobre “C”. Oferta económica.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

D. \_\_\_\_\_, con domicilio aos efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, rúa \_\_\_\_\_, n° \_\_\_\_\_, C.P. \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_, fax \_\_\_\_\_, e DNI ° \_\_\_\_\_, en plena posesión de capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_, e CIF \_\_\_\_\_, decatado do expediente para a contratación do **SERVIZO DE CAFETARÍA DA CIDADE DEPORTIVA DE “VISTA ALEGRE”**,  
**DECLARO:**

1. Que coñezo o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, os cales expresamente asumo e acato na súa integridade.
2. Que cumpro/que a empresa a que represento cumpre con todos os requisitos e obrigas esixidos pola normativa vixente para a súa apertura, instalación e funcionamento.
3. Que me comprometo á súa execución ofertando un canon anual de \_\_\_\_\_ (IVE excluído).

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010

Asinado./

#### 13. Publicidade da licitación.

O anuncio de licitación do presente procedemento publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo, o citado anuncio publicarase no perfil do contratante do Concello de Ordes (<http://concello.ordes.gal/>)

#### 14. Criterios de adxudicación

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase aos seguintes criterios:

1. Canon ofertado (até 60 puntos).





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

2. Proxecto de explotación (até 25 puntos). Neste apartado valorarase a relación calidade/prezo do servizo, o persoal, horarios, variedade de servizos prestados e calquera outro aspecto organizativo ou de xestión relacionado co mesmo.
3. Equipamento proposto por riba dos mínimos esixidos (até 15 puntos).

### 15. Mesa de contratación.

A Mesa de contratación estará presidida polo Sr. Alcalde-Presidente da Corporación, ou concelleiro/a no que delegue, e formarán parte da mesma, como vogais:

- D<sup>a</sup> Ana María Soneira Liñares, primeira Tenente de Alcalde, ou Concelleiro/a no que delegue.
- D. José Manuel Mira Gómez, 4<sup>o</sup> tenente de Alcalde e Concelleiro delegado de cultura, festas, mantemento e servizos.
- D. Juan Luis González Iglesias, Secretario Xeral do Concello, ou funcionario no que delegue.
- D. Javier Siro Suárez Rodríguez, Interventor Xeral do Concello, ou funcionario no que delegue.

Actuando como secretario/a un/ha funcionario/a da Corporación.

### 16. Mesa de contratación.

O terceiro día hábil despois do remate do prazo de presentación das ofertas reunirase a Mesa de contratación para proceder, en acto non público, á apertura do sobre “A” (documentación administrativa), non obstante, no caso de que se teña constancia do envío polos medios sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, a dita apertura realizarase unha vez teñan entrada no rexistro todas as proposicións, se ben en calquera caso realizarase a apertura o décimo primeiro día hábil despois do de remate de presentación de ofertas. A citada Mesa cualificará a dita documentación presentada en tempo e forma declarando a admisión, non admisión ou necesidade de emenda dos defectos ou omisións que considere emendables, o cal comunicará por fax aos interesados e fará público no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles, contados a partires da data da dita comunicación, para que os licitadores corrixan ou emenden as deficiencias mediante escrito dirixido á Mesa de Contratación.

Nun prazo non superior a sete días da apertura da documentación administrativa terá lugar a apertura, en acto público, dos sobres “B”. O anuncio da data concreta e lugar publicarase no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do Concello, notificándose, así mesmo, vía fax a todos os licitadores.

Neste acto só se abrirá o sobre correspondente aos criterios non contificables automaticamente entregándose ao órgano encargado da súa valoración a documentación contida no mesmo, deixándose constancia documental de todo o actuado. A mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos, para a valoración das mesmas de acordo aos criterios sinalados na cláusula 13<sup>a</sup>.

Unha vez efectuada a valoración dos sobres “B” reunirase de novo a Mesa para a apertura dos sobres “C”, proposición económica. O dito acto será público e a súa celebración notificarase vía





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

fax aos licitadores, publicándose, así mesmo no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do Concello.

Na valoración das ofertas técnicas e económicas dos licitadores procederase, mediante resolución motivada, á exclusión daquelas proposicións que incumpran de forma manifesta as especificacións do presente prego ou das normas e demais disposicións ou instrucións que resulten de aplicación ao obxecto da licitación ou á súa realización, ou por calquera outra circunstancia prevista no TRLCSP ou no RXLC.

Concluída a lectura das proposicións e unha vez valoradas, a Mesa de contratación, previos os informes pertinentes, formulará proposta de adxudicación provisoria que remitirá, xunto coas actas e o resto da documentación achegada, ao Órgano de Contratación.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

No caso de que varias empresas licitadoras empatasen como proposición economicamente máis vantaxosa terá preferencia na adxudicación do contrato aquela que acredite ter no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2 por cento (2%). Se varias empresas licitadoras das que empatasen en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2%, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

### **17. Renuncia ou desistencia.**

No caso de que o órgano de contratación renuncie a celebrar o presente contrato ou decida reiniciar o procedemento para a súa adxudicación, notificarállelo aos candidatos ou licitadores.

A renuncia á celebración do contrato ou a desistencia do procedemento só poderán ser acordadas polo órgano de contratación antes da adxudicación provisoria. En ambos casos os licitadores serán compensados polos gastos nos que incorresen, debendo xustificalos debidamente, até un máximo de 600,00 € por licitador.

Só se poderá renunciar á celebración do contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. Neste caso, non se poderá promover unha nova licitación do seu obxecto mentres subsistan as razóns alegadas para fundamentar a renuncia.

A desistencia do procedemento deberá estar fundada nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, e deberá xustificarse no expediente a concorrencia da causa. A desistencia non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación.

### **18. Adxudicación.**

A adxudicación provisoria acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada que deberá notificarse aos candidatos ou licitadores e se publicará no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do Concello, sendo de aplicación o previsto no artigo 153 do TRLCSP en canto á información que debe facilitarse a aqueles aínda que o seu prazo de remisión será de 5 días hábiles.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

De conformidade co disposto no artigo 161 do TRLCSP, establécese como prazo máximo para efectuar a adxudicación deste contrato o de dous meses a contar desde a apertura das proposicións. De non producirse a adxudicación dentro dos prazos sinalados, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición.

A persoa en cuxo favor recaia proposta de adxudicación do contrato deberá achegar ao órgano de contratación, no prazo de dez (10) días hábiles desde que se lle requira, a documentación administrativa que se relaciona de seguido. A non presentación da documentación ou a insuficiencia da mesma determinará a exclusión á licitación e realización de proposta de adxudicación ao seguinte licitador que realice proposta economicamente máis vantaxosa para a Administración, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades en que puidese incorrer o licitador.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá esixir dos licitadores, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que acheguen a documentación que se relaciona acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para seren adxudicatario/a do contrato.

O licitador proposto como adxudicatario (exclusivamente), previo requirimento do órgano de contratación, deberá presentar a seguinte documentación:

a) Documentos acreditativos da personalidade e capacidade da persoa licitadora.

1. A capacidade de obrar das empresarias ou empresarios que foren persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
2. As persoas licitadoras individuais presentarán copia compulsada, notarial ou administrativamente, do Documento Nacional de Identidade ou, no seu caso, o documento que faga as súas veces.
3. Empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou de Estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo:  
A capacidade das mesmas acreditarase pola súa inscrición no Rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidas, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, de acordo co establecido no anexo I do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
4. As demais empresas estranxeiras deberán xustificar mediante informe, na forma recollida no artigo 55 do TRLCSP, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga.

A acreditación da súa capacidade de obrar se instrumentará a través de informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

5. Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non): declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia expresa, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (artigo 146.1 TRLCSP).

- b) Documentos acreditativos da representación.

As persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome doutra presentarán poder de representación, bastantado pola Secretaría do Concello de Ordes ou notarialmente.

Se a licitadora fose persoa xurídica, o poder xeral deberá figurar inscrito, no seu caso, no Rexistro Mercantil. De tratarse dun poder especial para un acto concreto non será necesario o requisito da súa previa inscrición no Rexistro Mercantil.

Igualmente, a persoa con poder bastante a efectos de representación deberá acompañar copia compulsada, notarial ou administrativamente, do seu Documento Nacional de Identidade ou, no seu caso, o documento que faga as súas veces.

- c) Prohibicións de contratar ou incompatibilidades.

Declaración responsable de que a Empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146 e 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

D. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_ rúa nº \_\_\_\_\_ en nome propio ou en representación da empresa \_\_\_\_\_ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETARÍA DA CIDADE DEPORTIVA DE "VISTA ALEGRE", declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no artigo 60 e 146.1.c) do TRLCSP.

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

- d) Documentos que acreditan a solvencia económica e financeira.

Segundo o sinalado na cláusula 11ª do presente prego de cláusulas administrativas.

A clasificación da persoa empresaria acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo que aqueles para os que se obtivo e para cuxa celebración non se esixa estar en posesión da mesma.

- e) Documentos que acreditan a solvencia técnica ou profesional.

Segundo o sinalado na cláusula 11ª do presente prego de cláusulas administrativas.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A clasificación da persoa empresaria acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo que aqueles para os que se obtivo e para cuxa celebración non se esixa estar en posesión da mesma.

f) Unións temporais de empresas.

Para que a fase previa á adxudicación sexa eficaz, a unión temporal fronte á Administración deberá presentar, todos e cada un dos empresarios, os documentos esixidos na presente cláusula, a maiores dun escrito de compromisos solidario no que indicarse: os nomes e circunstancias dos que a constitúan, a participación de cada un deles, a asunción do compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultaren adxudicatarias e a designación dun representante ou apoderado único con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas que compoñen a unión.

Respecto á determinación da solvencia económica e financeira, así como a técnica e profesional, e aos seus efectos, acumularanse as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma.

No suposto de que o contrato se adxudicase a unha UTE, esta acreditará a súa constitución en escritura pública, así como o CIF asignado á dita unión antes da formalización do contrato. En todo caso, a duración da unión será coincidente coa do contrato até a súa extinción.

g) Declaración de empresas vinculadas.

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o artigo 145 do TRLCSP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

h) Certificación administrativa positiva expedida polo órgano competente acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización de Cesión de información tributaria.

Deberá achegar, en todo caso, a certificación acreditativa de non ter débedas coa Facenda Autonómica.

No caso das débedas co Estado, co Concello e a Seguridade Social poderá ben achegar as certificacións, ben autorización para a cesión relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación (de carácter voluntario).

Axustarase ao seguinte modelo:

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con residencia \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_ con D.N.I. nº \_\_\_\_\_ en nome propio/en representación de \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_ a quen represento no procedemento no procedemento de adxudicación do contrato de PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETARÍA DA CIDADE DEPORTIVA DE “VISTA ALEGRE”.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Autoriza á Administración contratante a solicitar a cesión de información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social, así como co Concello de Ordes a efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, Lei do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e a Lei do Imposto de Sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación estímeo oportuno.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

- i) Alta no Imposto sobre Actividades Económicas.

Xustificante de estar dada de alta no Imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e ao corrente no pago do mesmo, achegando para o efecto copia da carta de pago do último exercicio, á que se acompañará unha declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado imposto.

En caso de estar exenta deste imposto presentarán declaración xustificativa respecto diso.

- j) Documento acreditativo da constitución da garantía definitiva.
- k) Documento acreditativo da subscrición do Seguro de Responsabilidade Civil.
- l) Documento acreditativo do pagamento dos gastos de publicidade da presente contratación.
- m) Persoas traballadoras con discapacidade.

13

As persoas licitadoras que teñan un número de 50 ou máis persoas traballadoras no seu cadro de persoal estarán obrigadas a contar con, polo menos, un dous por cento de persoas traballadoras con discapacidade ou a adoptar as medidas alternativas previstas no Real Decreto 364/2005, de 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva en favor de persoas traballadoras con discapacidade. Para ese efecto, deberán achegar, en todo caso, un certificado da empresa en que conste tanto o número global de persoas traballadoras do cadro de persoal como o número particular de persoas traballadoras con discapacidade na mesma. No caso de optarse polo cumprimento das medidas alternativas legalmente previstas, deberán achegar unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración coas concretas medidas aplicadas. Así mesmo, poderán facer constar no citado certificado a porcentaxe de persoas traballadoras fixas con discapacidade que teñen no persoal, a efectos do establecido para os supostos de empate na cláusula relativa á clasificación das ofertas.

As persoas licitadoras que teñan menos de 50 persoas traballadoras no seu cadro de persoal, deberán achegar, en todo caso, un certificado acreditativo do número de persoas traballadoras do cadro de persoal. Así mesmo, poderán facer constar, no seu caso, no citado certificado o número global de persoas traballadoras do cadro de persoal, o número particular de persoas traballadoras con discapacidade e a porcentaxe de persoas traballadoras fixas con discapacidade que teñen na mesma, a efectos do establecido para os supostos de empate na cláusula relativa á clasificación das ofertas.

- n) Promoción da igualdade entre mulleres e homes.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

As persoas licitadoras que teñan máis de douscentos cincuenta persoas traballadoras deberán acreditar a elaboración e aplicación efectiva do Plan de Igualdade previsto no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

No devandito Plan fixaranse os concretos obxectivos de igualdade a alcanzar, as estratexias e prácticas a adoptar para a súa consecución, así como o establecemento de sistemas eficaces de seguimento e avaliación dos obxectivos fixados.

Para ese efecto, as persoas licitadoras deberán achegar devandito Plan, así como os acordos adoptados en relación ao mesmo.

- o) Empresas de inserción.

As persoas licitadoras poderán achegar, no seu caso, un documento que acredite que se trata dunha empresa de inserción das reguladas na Lei 44/2007, de 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, a efectos do establecido para os supostos de empate na cláusula relativa á clasificación das ofertas.

- p) Declaración de confidencialidade.

De conformidade co establecido na cláusula 20, as persoas licitadoras poderán presentar unha declaración, designando que documentos administrativos e técnicos e datos presentados son, ao seu parecer, constitutivos de ser considerados confidenciais.

- q) Subcontratación.

No caso de que se prevexa a posibilidade de subcontratación, as persoas licitadoras deberán indicar na oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe e o nome ou perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica das persoas subcontratistas ás que se vaia a encomendar a súa realización.

- r) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Excma. Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que se atopen inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os extremos a que se refire o artigo 328 do TRLCSP, nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia dos mesmos.

Non obstante aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Excma. Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no Rexistro e en consecuencia as Empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Excma. Deputación provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm. 64 de data 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados nos apartados: a) , b) e c), sempre que os citados documentos estean vixentes.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

s) Índice de documentos que integran o sobre.

### 19. Gastos de publicidade.

Serán de conta do adxudicatario todos os gastos de publicidade que xere a tramitación deste expediente, até un máximo de 1.500,00 €.

Non obstante, calquera aclaración ou rectificación dos anuncios de contratos será a cargo do órgano de contratación.

### 20. Formalización.

Antes da formalización do contrato, a persoa adxudicataria deberá acreditar abonar o importe total dos anuncios de licitación e, no seu caso, o da publicación noutros medios de difusión. Así mesmo, no caso de que a adxudicataria sexa unha unión temporal, deberá achegar a escritura pública de formalización da mesma, cuxa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

O contrato perfecciónase coa súa formalización e salvo que se indique outra cousa no seu clausulado entenderase celebrado no lugar onde se atope a sede do órgano de contratación.

O contrato formalizarase en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación ás persoas licitadoras ou candidatas, constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. A persoa contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

Con todo, no caso de que o contrato sexa susceptible de recurso especial en materia de contratación, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran os quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación ás licitadoras ou candidatas. Transcorrido este prazo, o órgano de contratación requirirá á adxudicataria para que formalice o contrato en prazo non superior a cinco días, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o citado prazo de quince días sen que se interpuxo recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato ou desde que se dite resolución co levantamento da suspensión do acto de adxudicación.

A formalización do contrato publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación.

Cando por causas imputables á adxudicataria non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso, esixise. Con todo, no caso de que non se constituíse garantía provisoria, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva dun importe do 3% do orzamento do contrato.

Simultaneamente coa firma do contrato, deberá ser asinado pola adxudicataria o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o Prego de Prescricións Técnicas Particulares e demais documentos integrantes do contrato.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Conforme establece o artigo 156.5 do TRLCSP non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

### **21. Execución do contrato.**

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista adxudicatario, con suxeición ao previsto no presente prego e no de prescricións técnicas.

A execución do contrato desenvolverase, sen prexuízo das obrigas que correspondan ao contratista, baixo a dirección, inspección e control do órgano de contratación, o cal poderá ditar as instrucións oportunas para o fiel cumprimento do convindo.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

### **22. Dereitos do adxudicatario.**

O adxudicatario terá dereito a:

- a) Utilizar os bens de dominio público afectos á prestación do servizo para a prestación do mesmo.
- b) Percibir o importe das tarifas pola prestación do mesmo.
- c) Percibir, caso de que así proceda, a indemnización polo rescate do servizo.
- d) Recibir do Concello o apoio e a protección necesaria nas súas relacións con terceiros a fin de garantir a correcta e normal prestación do servizo e de facer cesar as posibles perturbacións que poidan obstaculizar o seu desempeño.
- e) Atender os servizos especiais da cafetaría derivados de cursos, conferencias, inauguracións e actos de calquera natureza organizados polo Concello.
- f) Propoñer ao concello cantas modificacións considere necesarias para a mellora na prestación do servizo.
- g) A revisión das tarifas establecidas de acordo co disposto no presente prego.
- h) As demais que lle atribúen o presente prego e a normativa vixente.

16

### **23. Obrigas do adxudicatario**

Serán obrigas do adxudicatario:

- a) Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir aos particulares o dereito a utilizalo nas condicións establecidas.
- b) Coidar da boa orde do servizo, podendo o Concello ditar as instrucións oportunas.
- c) Indemnizar os danos que se causen ao Concello ou a terceiras persoas como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, salvo que foxen consecuencia inmediata e directa dunha orde ditada pola Administración, a cal deberá ser ditada sempre por escrito.
- d) Exercer por si o obxecto do contrato e non cedelo ou traspasalo a terceiros.
- e) Obter e manter durante o período que dure a explotación as autorizacións e permisos correspondentes.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- f) Manter en perfecto estado de conservación, hixiene e limpeza os locais, servizos e instalacións adscritas ao servizo, coidándoo todo co máximo decoro e estética, efectuando as reparacións e substitucións necesarias, e cumprindo estritamente as disposicións de índole hixiénico sanitaria. Co fin de garantir unha hixiene absoluta nas instalacións o adxudicatario deberá celebrar un contrato de mantemento das instalacións (desinfección, desinsectación e desratización) celebrado con empresa legalmente recoñecida para estas actividades, copia do cal entregárase no Concello, debendo manterse vixente durante o período no que dure o contrato.
- g) Solicitar autorización do Concello para a realización de toda clase de obras e instalacións no local no que se prestan os servizos, as cales serán de conta do contratista en calquera caso e quedarán en propiedade do Concello, sen que poida reclamar cantidade algunha polo dito concepto.
- h) En materia de persoal:
- Manterá o persoal necesario para a prestación do servizo, o cal deberá estar en posesión do carnet de manipulador de alimentos.
  - Presentar copia dos contratos celebrados entre o contratista e os traballadores.
  - Aboar os salarios, cotas sociais, mutualidades laborais e demais obrigas respecto ao persoal que contrate, podendo o Concello de Ordes requirir en calquera momento ao adxudicatario para que achegue os documentos xustificativos.
  - Os traballadores que a empresa adxudicataria empregue para a execución do contrato dependerán exclusivamente do adxudicatario, por canto este terá os dereitos e obrigas inherentes a súa calidade de patrón, e estará obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo referidas ao dito persoal, así como ás ordenanzas laborais e convenios colectivos que correspondan, sendo a Administración do todo allea ás devanditas relacións laborais.
- No caso de accidente ou prexuízo de calquera xénero ocorrido aos operarios con ocasión do exercicio dos traballos o adxudicatario cumprirá o disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que alcance en modo algún ao Concello de Ordes.
- Á extinción do contrato non poderá producirse, en caso ningún, a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do mesmo como persoal da Administración contratante, segundo dispón o artigo 301.4 do TRLCSP.
- Os danos que o persoal puidera ocasionar serán indemnizados polo contratista.
  - O Concello de Ordes poderá inspeccionar ao persoal e o seu traballo en todo ao que a contrata se refira e comprobar o servizo contratado cando o considere oportuno.
- i) Destinar os locais e instalacións afectos ao obxecto do contrato exclusivamente á prestación do servizo, non podendo allear nin gravar os bens e instalacións que deban reverter ao Concello ao remate do mesmo.
- j) Permitir cantas inspeccións se consideren oportunas polo Concello, tanto dos materiais e local como do propio servizo.
- k) Manter a máxima corrección no trato cos usuarios do servizo.
- l) Ter exposta ao público a relación das tarifas cos prezos ao público.
- m) Ter a disposición dos usuarios un libro de reclamacións, foliado, selado e autorizado.
- n) Formalizar unha póliza de seguros específica para o sector da hostalería, na que se inclúan as coberturas de responsabilidade civil, danos materiais e outras garantías



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

adicionais, cuxa copia cotexada deberá presentar no Concello con carácter previo á formalización do contrato. A dita póliza terá unha cobertura mínima de 100.000,00 €. A dita póliza deberá permanecer vixente durante todo o período de duración do contrato.

- o) Achegar á explotación do servizo toda a infraestrutura necesaria para a prestación do mesmo, a maquinaria, os equipos, o mobiliario e demais utensilios que deberá relacionar na oferta presentada, debendo aportar, como mínimo:
- a. Cociña
    - Mesa mural de traballo en inox ou similar, con estante inferior.
    - Mesa de entrada lavalouzas con seno prelavado e grifería.
    - Fregadoiro de 2 senos con escorredor.
    - Lavalouzas industrial.
    - Mesa de saída de lavalouzas.
    - Cociña 4/6 lumes con prancha.
    - Forno microondas.
    - Fritidora eléctrica.
    - Campá extractora inox.
    - Cámara frigorífica.
    - Estantes metálicos para zona de almacén.
  - b. Barra
    - Lavavasos e fregadoiro.
    - Arcón frigorífico.
    - Bancada de traballo.
    - Cafeteira.
  - c. Menaxe. O que se considere necesario para dar servizo á cafetería.
  - d. Mobiliario. Mesas e cadeiras en cantidade suficiente para dar o servizo (o material deberá ser resistente, deixando a elección do modelo ao licitador).

18

Así mesmo, o adxudicatario deberá realizar da súa conta todas as instalacións para o perfecto funcionamento do mesmo, respectando as normas técnicas e sanitarias vixentes.

Ao remate do contrato as instalacións poderán ser retiradas polo adxudicatario.

- p) Serán de conta do adxudicatario todos os gastos que xere o exercicio da actividade (persoal, subministracións, electricidade, auga, teléfono,...), así como o abono de calquera tipo de contribución, imposto, taxa ou calquera outra carga ou gravame que recaia sobre a actividade obxecto do servizo.
- q) O adxudicatario deberá instalar nas dependencias onde realiza o servizo colectores para a reciclaxe de residuos (papel, vidro e aceite).
- r) Todos os traballos realizados para o bo fin do presente contrato terán carácter confidencial, non podendo a empresa utilizar para si mesma nin proporcionar a terceiros dato ou información ningunha dos traballos contratados sen a previa autorización por escrito do Concello de Ordes.
- s) Poñer a disposición do Concello de Ordes o uso do local sempre que este o requira. En calquera caso a sala de prensa será da exclusiva utilización do Concello.
- t) Abandonar e deixar libres, a disposición do Concello de Ordes, unha vez rematado o contrato ou dentro do prazo de 15 días desde a resolución do mesmo, o local, instalacións e mobiliario, tanto o posto a súa disposición como o que se sinala como



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

achega por parte do adxudicatario nos presentes pregos, en bo estado de conservación e mantemento e co desgaste razoable debido a un uso correcto.

- u) Todas aquelas que deriven do presente prego, do de prescricións técnicas e/ou da normativa xeral ou sectorial que sexa de aplicación ao servizo a prestar.

### **24. Cesión e subcontratación.**

A cesión e subcontratación, de ser o caso, axustaranse ao regulado nos artigos 226, 227 e 229 do TRLCSP.

### **25. Modificación do contrato.**

O Concello de Ordes poderá modificar o contrato por razóns de interese público e/ou para atender a causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente que se instrúa ao efecto. As modificacións non afectarán ás condicións esenciais do contrato.

No caso de modificacións aprobadas polo órgano competente como consecuencia de suxestións realizadas polo adxudicatario, o Concello non será responsable no caso de que, como resultado das mesmas, o servizo resulte máis gravoso para o mesmo, debendo asumir o adxudicatario o custe das mesmas.

As modificacións do contrato formalizaranse de conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP.

### **26. Penalidades administrativas e réxime sancionador.**

As infraccións que cometa o adxudicatario na execución dos traballos cualificaranse como moi graves, graves ou leves.

Consideraranse infraccións leves aquelas que, non afectando desfavorablemente á calidade, cantidade e tempo de prestación do servizo, non impliquen perigo para as persoas ou cousas, nin reduzan a vida económica das instalacións ou calquera dos seus elementos, nin causen molestias aos usuarios do servizo, considerándose, entre outras, as seguintes:

- Os retrasos no cumprimento das obrigas propias da condición de adxudicatario.
- O incumprimento non reiterado do horario.
- A desconsideración individual e puntual para con algún usuario.
- O descoído no cumprimento do deber de limpeza ou conservación, sempre e cando non supoña deterioro grave das instalacións afectas á concesión ou poidan afectar á saúde das persoas.
- O incumprimento no prazo indicado polo Concello das instrucións ordenadas por este.
- Todas as demais que, dalgún xeito, signifiquen detrimento das condicións establecidas nos pregos e supoñan un prexuízo non grave na prestación do servizo, sempre que non comporte perigo para as persoas nin cause maiores prexuízos aos usuarios.

Se considerará falta grave todo incumprimento de obrigas que afecte desfavorablemente á calidade, cantidade e prestación do servizo, ou ao debido coidado, mantemento, limpeza e reparación das instalacións, cando sexa consecuencia dunha actuación particularmente culposa ou negligente. Terá a mesma consideración todo acto ou omisión susceptible de ocasionar molestias aos usuarios do servizo ou de acurtar a vida económica das instalacións ou calquera



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

dos seus elementos. A maiores do sinalado, terán en todo caso a consideración de faltas graves as seguintes:

- A prestación manifestamente defectuosa ou irregular do servizo, non cumprindo as condicións establecidas.
- O uso anormal dos bens concedidos.
- A desobediencia ás instrucións das ordes dadas ao contratista.
- A negligencia no cumprimento do deber de limpeza e conservación das instalacións.
- Os incidentes do persoal contratado cos usuarios e/ou cos responsables municipais, tanto por trato incorrecto como por deficiencia na prestación do traballo.
- A falta de pago do canon establecido en prazo, ou das sancións de carácter leve, previamente tramitadas.
- Calquera actuación que dificulte gravemente o control ou a inspección municipal dos traballos.
- A aplicación de prezos superiores aos aprobados.
- A reiteración de actos que dean lugar a tres faltas leves nun ano natural.

Serán infraccións moi graves as que, como consecuencia de actuacións ou omisións dolosas ou de grave negligencia, poidan influír negativamente e de modo grave no funcionamento e na vida económica das instalacións ou calquera dos seus elementos. Así mesmo, terán a dita consideración aquelas accións ou omisións fraudulentas do concesionario do servizo que poidan supoñer perigo para as persoas, edificios ou bens, ou prexuízos evidentes para os usuarios do servizo. A maiores, serán faltas moi graves:

- A cesión, transferencia ou novación do servizo ou de calquera dos bens adscritos ao mesmo sen autorización municipal.
- O cese ou prestación non continuada do servizo.
- A falta de pagamento das sancións de carácter grave, previamente tramitadas.
- A falta reiterada no pagamento do canon, entendéndose por tal a débeda de tres meses do mesmo.
- As que produzan situacións de perigo ou risco aos usuarios e/ou traballadores.
- A fraude no xeito de prestar os servizos, non utilizando os medios axeitados ou os elementos esenciais esixidos.
- Causar danos deliberadamente ou por negligencia inexcusable nos bens afectos ao servizo.
- O incumprimento das obrigas tributarias, laborais e coa Seguridade Social.
- Non adoptar as medidas correctoras da actividade que sexan sinaladas polo Concello, en aplicación das disposicións vixentes.
- A perda de vixencia da póliza de Seguros.
- A comisión de dúas faltas graves no período dun ano natural.

20

A contía das penalidades será:

- Por falta leve: apercibimento e/ou multa de até 1.000,00 €.
- Por falta grave: entre 1.001,00 € e 6.000,00 €.
- Por falta moi grave: de 6.001,00 € a 12.000,00 €, podendo declararse ademais a extinción do contrato..



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

As contías das sancións poderán ser detraídas directamente da garantía definitiva constituída, estando obrigado o contratista a repoñela no prazo de 10 días.

No tocante á prescrición das infraccións e das sancións impostas como consecuencia da súa realización estarase ao disposto no artigo 132 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Cando a infracción cometida transcenda o ilícito administrativo o Presidente do Concello porá os feitos en coñecemento dos correspondentes Tribunais de Xustiza.

A apreciación da comisión dunha falta determinarase mediante a instrución do correspondente expediente sancionador, o cal axustarase ao disposto no Real decreto 1398/1993, de 4 polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora. En todo caso teranse en conta os principios e circunstancias sinaladas no Título IX da Lei 30/1992, de 26 de novembro, e no Título XI da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Os expedientes instruíranse polo Concelleiro responsable da área de deportes, resolvéndose pola Alcaldía do Concello.

### **27. Resolución do contrato.**

Son causas de resolución do contrato, ademais das sinaladas no artigo 223 do TRLCSP, o incumprimento de algunha das obrigas establecidas na cláusula 22ª que dea lugar a imposición de sancións graves que teñan como consecuencia a extinción do contrato, entendéndose neste caso como causa de resolución o incumprimento culpable do contratista.

Para a aplicación das causas de resolución e os seus efectos estarase ao disposto nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

### **28. Facultade de dirección e inspección.**

A dirección e inspección da execución das prestacións que se contratan corresponderá ao Concello de Ordes, o cal poderá dirixir instrucións ao adxudicatario, de obrigado cumprimento para este, sempre que non supoñan prestacións non autorizadas, nin se opoñan ás disposicións en vigor, ás cláusulas do presentes prego e demais documentos contractuais.

### **29. Prerrogativas da Administración e xurisdición.**

Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no TRLCSP, o Concello de Ordes ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato obxecto do presente prego, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

De conformidade co disposto no artigo 21 do TRLCSP, a Orde xurisdiccional contencioso administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción, que poidan xurdir entre as partes no presente contrato administrativo, sen prexuízo de que polos interesados se poida interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de



## **CONCELLO DE ORDES**

---

**(A CORUÑA)**

réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

### **PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CAFETARÍA DA CIDADE DEPORTIVA DE “VISTA ALEGRE”, DE TITULARIDADE MUNICIPAL.**

#### 1. Obxecto do contrato e condicións.

O obxecto do contrato será a explotación do servizo de bar-cafetaría, de titularidade municipal, sito na cidade deportiva de “Vista Alegre”, no núcleo urbano deste termo municipal. Aos efectos do presente prego entenderase que a explotación, obxecto do contrato que se celebre, comprende todas as funcións propias da xestión e rexencia dun local das características naturais e propias dunha cafetaría.

As instalacións nas que se encadra utilízanse diariamente por unha grande cantidade de persoas para a práctica deportiva (adestramentos, clases, competición, ...etc.), estimándose unha utilización media de 200-300 persoas, e tendo en conta que a maiores unha boa parte dos usuarios son nenos aos que sole acompañar algún adulto. Non obstante o sinalado, a estimación realizada é a meros efectos informativos e non terá carácter contractual e polo tanto o adxudicatario será o que deba realizar as estimacións oportunas cara a rendibilidade do servizo, non podendo esixir ao Concello contía ningunha por erro na estimación dita.

O servizo prestarase no primeiro andar do edificio de vestiarios e cafetaría na cidade deportiva, obra cuxo plano anéxanse aos presentes pregos.

As xornadas e horarios de apertura serán os propostos polo licitador na súa oferta (Sobre “B”, plan de explotación do servizo). En calquera caso deberá cumprir coa normativa vixente na materia e cos seguintes condicionantes:

- Non poderá pechar por un período superior a un mes no ano natural.
- En calquera caso, e independentemente do disposto na normativa sectorial vixente, o horario de peche da mesma non poderá exceder das doce da noite.

O adxudicatario non poderá esixir a modificación das instalacións actualmente existentes para prestar o servizo. Con autorización do Concello poderá efectuar da súa conta as modificacións que, previa solicitude, considere convenientes, as cales reverterán gratuitamente na administración unha vez rematado o prazo do contrato.

O mobiliario, instalacións e material achegado polo adxudicatario deberá reunir as condicións correspondentes ao servizo a prestar.

A empresa adxudicataria contratará ao persoal necesario para o cumprimento do traballo, segundo o plan de explotación do servizo proposto. A substitución do mesmo por calquera causa (vacacións, enfermidade, ...) farase de forma inmediata e será a conta do adxudicatario.

O adxudicatario obrígase a ter abastecida a cafetaría cos produtos e servizos propios dos establecementos da súa categoría, os cales deberán ser de primeira calidade e cumprir a regulamentación hixiénico-sanitaria vixente.

Serán por conta do contratista a xestión e o traslado de residuos, así como a periódica desinfección e desinsectación das instalacións.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Será obrigatorio exhibir a lista de prezos ao público. Así mesmo, o contratista terá a disposición dos usuarios o modelo de folla oficial de reclamacións, cuxa existencia anunciarase en lugar facilmente visible polos mesmos, quedando obrigado a dar conta ao Concello, dentro das vinte e catro horas seguintes, de cada reclamación que se consigne na mesma.

O adxudicatario deberá coidar en todo momento a hixiene do local, debendo realizar as actuacións necesarias para que as instalacións permanezan en perfecto estado de conservación, limpeza e hixiene.

Listado máximo de prezos (IVE excluído):

	€ (Sen IVE)
<u>Cafés</u>	
<b>Café só, con leite ou descafeinado</b>	0,90
<b>Vaso de leite</b>	0,90
<b>Infusións</b>	0,90
<b>Cola cao ou similar</b>	1,09
<b>Café mediano</b>	1,09
Café con xeo	1,09
<u>Viños<sup>1</sup></u>	
Corrente	0,90
Cosecheiro	1,09
Crianza	1,36
<u>Refrescos e cervexas<sup>1</sup></u>	
<b>Refrescos</b>	1,36
<b>Zumes</b>	1,36
<b>Auga mineral</b>	0,90
Mosto	0,90
Batidos	1,36
Bebidas enerxéticas (Red bull e similares)	2,28
Cervexa sen alcol	1,36
Cervexa (1/3)	1,36
Cervexa (1/5)	1,18
Caña	1,36
<u>Bebidas alcohólicas<sup>1</sup></u>	
Vermouth	1,36
1/2 vermouth	0,90
Chupito nacional	1,36
Chupito importación	1,82



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Copa nacional	1,82
Copa importación	2,28
Combinado nacional (cuba libre, gin tonic, ...)	2,72
Combinado importación	3,18
<u>Comidas<sup>2</sup></u>	
<b>Pinchos</b>	0,90
<b>Bollería</b>	0,90
<b>Bocadillos fríos</b>	2,72
Bocadillos quentes	3,18
<b>Sandwiches</b>	2,72
Pratos combinados	9,10

<sup>1</sup> Sen prexuízo de que ofrezca algunha marca que poda incrementar o prezo (por exemplo no caso de bebidas alcohólicas un gran reserva), debe ofrecer algún dos produtos ao dito prezo máximo.

<sup>2</sup> Sen prexuízo de que poida ofertar outros produtos a un prezo superior, deberá ofertar produtos a ese prezo.

O adxudicatario debe, en todo caso, ofertar os produtos sinalados con letra negra.